



XUNTA DE GALICIA

**ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E O CONCELLO DE O CARBALLIÑO PARA A AMPLIACIÓN E MELLORA DO CENTRO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS VAGABUNDOS OU ABANDONADOS.**

En Santiago de Compostela, a 12 de decembro de 2006

**REUNIDOS**

Dunha parte, o Sr. Don Manuel Vázquez Fernández, Conselleiro de medio ambiente e desenvolvemento sostible, que actúa en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, en relación co establecido no Decreto 106/2004 de 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, en relación co Decreto 232/2005 do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

E doutra, D. Carlos Alberto Montes Marqués, que actúa en nome e representación do Concello de O Carballiño, pola súa condición de Alcalde.

Ámbalas dúas partes actúan coa representación legal que regulamentariamente teñen conferida, e no marco das súas respectivas competencias recoñécense a capacidade para obrigarse.

**EXPOÑEN**

1.- Que o pasado 29 de marzo de 2006, foi asinado o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de O Carballiño para a ampliación e mellora do centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados, comprometéndose a Consellería a aportar a cantidade de cento cincuenta mil euros (150.000 €) con cargo a á aplicación 760.0 dentro do programa 342-A do orzamento da Dirección Xeral de Conservación da Natureza

2.- Para acadar os obxectivos previstos que se están a desenvolver na actual lexislación de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro en Galicia; é preciso modifica-la cuantía económica co obxecto de adaptar o centro á devandita lexislación. Por esta razón, formalízase a presente addenda cunha aportación de 100.000 €, para facer fronte á obra necesaria de ampliación do centro e construción dun módulo para animais enfermos.



XUNTA DE GALICIA

Polo anteriormente exposto, formalízase a presente Addenda, segundo as seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA

A cláusula quinta, modificada por esta addenda queda redactada do seguinte xeito:

#### QUINTA:

O financiamento da obra en cuestión correrá a cargo do orzamento da Dirección Xeral de Conservación da Natureza dentro da aplicación orzamentaria 15.02.342-A-760.0, pola cantidade de dous centos cincuenta mil euros (250.000 €), coa seguinte distribución de anualidades:

Ano 2006: 200.000 €

Ano 2007: 50.000 €

Tal orzamento poderá verse diminuído na proporción correspondente á baixa da licitación.

Unha vez inspeccionadas as obras pola administración os importes correspondentes as anualidades abonaranse previa presentación das correspondentes facturas e certificacións de obra debidamente aprobadas polo órgano do concello o remate dos traballos e unha vez certificado por parte da Dirección xeral de conservación da Natureza que os traballos se realizaron satisfactoriamente e axustanse á construción da obra acordada no proxecto aprobado. Así mesmo, previo o último pago, ademais deberase presentar a acta de recepción das obras polo concello.

### SEGUNDA

A cláusula oitava, modificada por esta addenda, queda redactada do seguinte xeito:

#### OITAVA

Esté convenio empezará a produci-los seus efectos a partir da data da súa sinatura, e terá validez ata o 30 de xuño de 2007, por esixencias de execución do presuposto de gastos desta Consellería. Este convenio poderá prorrogarse por acordo expreso entre ámbalas dúas partes.



# XUNTA DE GALICIA

En proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan a presente addenda por duplicado na data e lugar arriba indicados.

Pola Consellería de Medio Ambiente e  
Desenvolvemento Sostible

Asdo: Manuel Vázquez Fernández

Polo Concello de O Carballiño

Asdo: Carlos Alberto Montes Marqués